

## FACENDA PÚBLICA. 3º ADE 2009/2010

### I. DATOS XERAIS DA MATERIA

- |  |                             |
|--|-----------------------------|
| a) <b>Nome oficial.</b>                                  | Facenda Pública             |
| b) <b>Titulación.</b>                                    | ADE                         |
| c) <b>Créditos</b>                                       | 6 (Teóricos 3; Prácticos 3) |
| d) <b>Curso.</b>   | Terceiro                    |
| e) <b>Código da materia.</b>                             | 611211307                   |
| f) <b>Tipo.</b>  | Obrigatoria                 |
| g) <b>Impartición.</b>                                   | Segundo Cuatrimestre        |
| h) <b>Departamento/s responsable/s.</b>                  | Economía aplicada I         |
| i) <b>Profesor/a coordinador/responsable da docencia</b> |                             |

### Información por grupo (A;B)

#### 1) Nome e apelidos do profesor/a que impartirá docencia

Berta Rivera Castiñeira, M<sup>a</sup> Cruz Suárez Mallo

#### 2) Lugar e horario de titorías

Berta Rivera Castiñeira

Facultade de Económicas. Despacho 302

Lunes: 10 a 13 horas.

Miércoles: 10 a 12 horas.

Viernes: 9 a 10 horas.

M<sup>a</sup> Cruz Suárez Mallo.

Facultade de Económicas. Despacho 304

Martes: 12 a 14 horas, 16 a 17 horas.

Xoves: 11.30 a 14.30

#### 3) E-mail

Berta Rivera Castiñeira: [berta@udc.es](mailto:berta@udc.es)

M<sup>a</sup> Cruz Suárez Mallo : [jamcpa@udc.es](mailto:jamcpa@udc.es)

#### 4) Universidade Virtual

Si.

#### 5) Lingua na que se impartirá a docencia

Castelán

### II. OBXECTIVOS DA MATERIA

Nesta materia faise unha introdución ao coñecemento actual dos temas económicos do Sector Público. O obxectivo é que o estudante comprenda as razóns da intervención do goberno na economía, o alcance da devandita intervención, e a resposta dos axentes privados ás accións de goberno. O programa elaborouse seguindo unha dobre formulación, por un lado, unha análise xeral do comportamento económico do Sector Público e, por outro lado, unha análise específica para o caso español, polo que son numerosas as referencias que se fan no programa á nosa realidade.

### **III. METODOLOXÍA**

O método de ensino é unha combinación das explicacións en clase polo profesor, que se acompañará de prácticas que faciliten a comprensión da materia.

### **IV. AVALIACIÓN.**

A avaliación lévase a cabo mediante a realización dun exame, que constará de dúas partes: a primeira delas consistirá nun test e a segunda constará dunha serie de preguntas que poderán ser tanto teóricas como prácticas, onde se pedirá ao alumno unha resposta concreta e concisa nun espazo limitado. A cualificación final será o resultado da valoración conxunta de ambas as dúas partes, sendo necesario para superar o exame alcanzar un mínimo de puntuación (2,5 puntos) en cada unha das dúas partes das que consta o exame. Na corrección das preguntas da segunda parte do exame, terase en conta a concordancia co que se pregunta, o rigor conceptual, a claridade na redacción, a precisión léxica e a capacidade de relación.

### **V. TEMAS OU BLOQUES DE CONTIDOS**

#### **I. FUNDAMENTOS E FUNCIÓNS DA FACENDA PÚBLICA**

##### **Tema 1. Introducción á Facenda Pública.**

- 1.1. O estudo da teoría da Facenda Pública.
- 1.2. O Sector Público: actividades, axente e medición.
- 1.3. O Presuposto do Sector Público: concepto, ciclo presupostario e indicadores política presupostaria.

##### **Tema 2. Xustificación da intervención pública na economía.**

- 2.1. Eficiencia económica e mercados competitivos.
- 2.2. Principais instrumentos de intervención pública.
- 2.3. Intervención pública e eficiencia económica: fallos de mercado.
- 2.4. Xustiza económica e redistribución.

##### **Tema 3. Elección colectiva e comportamento do Sector Público.**

- 3.1. O problema da elección colectiva.
- 3.2. Regras de votación: votación maioritaria, democracia representativa.
- 3.3. Modelos de comportamento do sector público.
- 3.4. Os fallos da provisión pública.

##### **Tema 4. Federalismo fiscal.**

- 4.1. Xustificación económica da descentralización.
- 4.2. O número de niveis de goberno e a división de responsabilidades.
- 4.3. Financiamento dos gobernos descentralizados.

## II. GASTO PÚBLICO E POLÍTICAS DE GASTO.

### **Tema 5. Gasto público.**

- 5.1. Causas do crecemento do gasto público.
- 5.2. Gasto público e eficiencia.
- 5.3. Incidencia e efectos redistributivos do gasto público.

### **Tema 6. O gasto público no Estado de Benestar.**

- 6.1. Gastos sociais.
- 6.2. Prestacións económicas.

## III. TEORÍA DA IMPOSICIÓN.

### **Tema 7. Ingresos públicos.**

- 7.1. Clasificación dos ingresos públicos.
- 7.2. O imposto: definición, estrutura e tipoloxía.
- 7.3. Principios impositivos.

### **Tema 8. Efectos económicos da imposición.**

- 8.1. Incidencia impositiva: equilibrio parcial e equilibrio xeral.
- 8.2. Distorsións impositivas e exceso de gravame.
- 8.3. Custos de administración e custos de cumprimento.

## IV. SISTEMA IMPOSITIVO.

### **Tema 9. O imposto sobre a renda persoal.**

- 9.1. O imposto sobre a renda persoal: características xerais.
- 9.2. A elección da unidade contribuínte.
- 9.3. Progresividade do imposto sobre a renda.
- 9.4. A inflación e o imposto sobre a renda.
- 9.5. Propostas alternativas á imposición persoal.

### **Tema 10. O imposto sobre sociedades.**

- 10.1. Xustificación e estrutura do imposto sobre sociedades.
- 10.2. O imposto de sociedades e a política de dividendos.
- 10.3. A estrutura financeira da empresa e o imposto de sociedades.
- 10.4. O imposto de sociedades e a inflación.

### **Tema 11. Impostos sobre a propiedade e a riqueza.**

- 11.1. O imposto sobre o patrimonio.
- 11.2. O impostos sobre sucesións e doazóns.
- 11.3. O imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas.
- 11.4. O imposto sobre a propiedade.

## **Tema 12. Impostos sobre o consumo. O IVE.**

- 12.1. Vantaxes e inconvenientes da imposición directa sobre o consumo.
- 12.2. Impostos sobre consumos específicos.
- 12.3. Impostos xerais sobre o consumo.
- 12.4. O Imposto sobre o Valor Engadido.
- 12.5. Características do IVE europeo.

## **VI. RECOMENDACIÓNS**

Ao ser unha materia de introdución á Facenda Pública, vanse formular todos os conceptos fundamentais nesta materia, polo que os requisitos previos son coñecementos básicos da análise económica, fundamentalmente da análise microeconómica.

## **VII. FONTES DE INFORMACIÓN.**

### **BIBLIOGRAFÍA BÁSICA:**

ALBI, E.; GONZÁLEZ - PÁRAMO, J.M e ZUBIRI, I. (2009): *Economía Pública I e II*, Ariel, Barcelona.

ALVAREZ, F.; CORONA, J.; DÍAZ, A (2007): *Economía Pública. Una introducción*. Ariel, Barcelona.

COSTA, M.; DURÁN, J.; ESPASA, M.; ESTELLER, A.; AMORA, A. (2005): *Teoría básica de los impuestos un enfoque económico*, Thomson- Civitas, Madrid.

ROSEN, H.S. (2007): *Hacienda Pública*. McGraw Hill, Madrid.